# Plan Dixital

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano Académico | Estado |
|---|---|---|---|---|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2024/2025 | En elaboración |

## 1. Vixencia

| Vixencia | Data |
|---|---|
| Curso inicio | 2024/2025 |
| Curso fin | 2024/2025 |
| Data de actualización | 11/10/24 |
| Data aprobación consello | 14/10/24 |
| Data aprobación claustro | 14/10/24 |

## 2. Introdución

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Valle Inclán atende a unha poboación que reside maioritariamente no centro da cidade e que pertence, a grandes trazos, á clase media.
Non podemos facer referencia á contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo, xa que é un documento do Centro que está en fase de elaboración.
Si que podemos sinalar que a resposta de toda a Comunidade Educativa tanto das familias como do profesorado foi sempre de apoio aos diferentes plans de implantación das novas tecnoloxías da Consellería de Educación, comezando por Abalar e continuando con Edixgal, que está actualmente implantado nos catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.
Os obxectivos que marcamos co desenvolvemento do Plan Dixital estarán integrados na Programación Xeral Anual do curso 2024-2025.

borrador

Breve xustificación do mesmo

A normativa relacionada co Plan Dixital queda concretada nos seguintes apartados:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

Tras o selfie dixital, o test CDD (test de competencia dixital docente), o informe DAFO (Debilidades, amenazas, fortalezas e oportunidades dixitais do Centro) e a elaboración dos obxectivos do Plan de acción, en xuño de 2022 obtivemos en papel o Plan Dixital do IES Valle Inclán.
Ao longo do curso 2022-2023 implementamos o plan acadando oito dos 9 obxectivos plantexados. Este curso académico 2024-2025 decidimos concretar o plan en 5 obxectivos centrados na súa maior parte na formación dixital do alumnado e do profesorado.
Ao longo deste curso o mentor do Plan Dixital na zona de Pontevedra é José Manuel Sánchez Moure e o equipo de dinamización do plan dixital estará formado polo director Daniel Mejuto Costa e os profesores do departamento de Tecnoloxía Alba Fuentes Sánchez e Fernando Vázquez García que exerce como coordinador.

## 3. Contexto DAFO

### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos utilizados para recoller a información previa ao DAFO foron:
O informe selfie.
O test TCDD (test de competencia dixital docente).
Análise doutros aspectos do funcionamento do centro no ámbito dixital.

borrador

### 3.2. Análise interna

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Debilidade | Aínda temos unha porcentaxe importante de alumnado que necesita axuda para usar o software e as aplicacións (40%). (Alumnado) | Alumnado | Si |
| Debilidade | O centro ao estar totalmente ocupado ten limitacións para a ampliación de aulas con ordenadores. (C14 Limitación espazo físico) | Infraestruturas | Non |
| Debilidade | Necesítase un protocolo claro e eficiente para subsanar as deficiencias técnicas con rapidez. (Análise propia do Centro) | Organización de centro | Non |
| Debilidade | É fundamental crear un equipo de traballo TIC con tarefas e tempos claros para a execución das mesmas. (Análise propia do Centro) | Organización de centro | Non |
| Debilidade | No noso centro non temos tempo para explorar como mellorar o meu método de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A4 profesorado) | Organización de centro | Si |
| Debilidade | A maior parte do profesorado comeza usar as tecnoloxías dixitais ao mesmo tempo que o resto dos seus compañeiros. (Profesorado adopción da Tecnoloxía) | Persoal docente | Si |
| Debilidade | O equipo directivo non promove o intercambio de experiencias dentro do Centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. (D3 profesorado) | Persoal docente | Si |
| Debilidade | Non hai un debate no Centro sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (B2 profesorado) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | O profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. (F6 profesorado) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | O equipo directivo non axuda a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. (G7 profesorado) | Persoal docente | Si |
| Fortaleza | Moito alumnado sabe usar o software e as aplicacións sen axuda (60%). (Alumnado) | Alumnado | Si |
| Fortaleza | No Centro hai dispositivos portátiles que o alumnado pode levar á casa se é necesario. (C10 alumnado ESO) | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Temos un bo acceso a Internet para o ensino e aprendizaxe. (C3 profesorado) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | O equipo directivo apoia que o profesorado explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A3 equipo directivo) | Organización de centro | Si |
| Fortaleza | O alumnado afirma que o profesorado utiliza plataformas en liña ás que eles tamén poden contribuír. (E3 alumnado) | Persoal docente | Non |
| Fortaleza | O profesorado ten un nivel de competencia dixital superior á media de Galicia. (Test CDD) | Persoal docente | Si |
| Fortaleza | O profesorado busca recursos educativos dixitais en Internet. (E1 profesorado) | Persoal docente | Non |

borrador

### 3.3. Análise externa

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Ameaza | Intento pola Consellería de impoñer plans complexos cun exceso de carga burocrática en vez de plans sinxelos, claros e eficaces. | Administración educativa | Si |
| Ameaza | O plan dixital ten que ser independente dos cambios lexislativos que imos ter nous dous vindeiros cursos académicos. | Lexislación | Non |
| Oportunidade | Por subvencións da Unión Europea é bo momento para a renovación e adquisición de novo material dixital. | Administración educativa | Si |
| Oportunidade | A ANPA está concienciada na promoción e apoio do ensino dixital. | ANPA | Non |
| Oportunidade | A pandemia amosou a necesidade dun plan dixital de ensinanza tanto a nivel presencial no Centro, mixto e a distancia. | Contorna | Non |
| Oportunidade | Concordancia entre os novos cambios pedagóxicos propostos na nova lei de educación e as liñas do plan dixital. | Lexislación | Non |

borrador

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

| Código | Obxectivo |
|---|---|
| O01PD | Proporcionar no primeiro trimestre ao alumnado de primeiro e segundo de ESO a través da materia de<br>Tecnoloxía e dixitalización formación en recursos informáticos básicos (sistemas operativos, ofimática e edición multimedia) de tal xeito que contribúa ao bo desenvolvemento dixital de todas as materias. |
| O02PD | Proporcionar no primeiro trimestre ao alumnado de primeiro e segundo de ESO a través da materia de<br>Tecnoloxía e dixitalización formación en aspectos como seguridade informática, cumprimento dos dereitos de autor ou respecto aos demais na interacción nas redes sociais. |
| O03PD | Centrar a formación do profesorado nos paneis dixitais recentemente chegados para este curso 2024-2025 mediante formadores externos e internos. |
| O04PD | Dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado crear unha liña de actuación "Contidos educativos dixitais" (competencia dixital) que se centrará en proporcionar unha formación de base do entorno virtual de aprendizaxe edixgal ao profesorado. |
| O05PD | Tendo en conta  a gran reforma por obras que se está desenvolvendo no Centro, realizar un inventario do material TIC do Instituto. |

### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O01PD | Pendente |

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Aínda temos unha porcentaxe importante de alumnado que necesita axuda para usar o software e as aplicacións (40%). (Alumnado)
Fortaleza - Alumnado - Moito alumnado sabe usar o software e as aplicacións sen axuda (60%). (Alumnado)

### 4.2.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Porcentaxe de avaliación positiva dos traballos informáticos da materia na primeira avaliación. (Instrumento: Nota primeira avaliación). | 0% | 75% | | | | |

### 4.2.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO01.2PD: Impartir ditos contidos. | 21/12/2024 | |
| **Responsables** | Profesorado de primeiro e segundo de ESO | |
| **Destinatario** | Alumnado de primeiro e segundo de ESO. | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO01.1PD :Priorizar os contidos dixitais no primero trimestre na programación de Tecnoloxía e diixitalización de primeiro de ESO e Tecnoloxía de segundo de ESO. | 21/12/2024 | |
| **Responsables** | Xefe de departamento de Tecnoloxía | |
| **Destinatario** | Alumnado de 1º e 2º de ESO. | |

borrador

## 4.3. Datos do obxectivo O02PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O02PD | Pendente |

### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Aínda temos unha porcentaxe importante de alumnado que necesita axuda para usar o software e as aplicacións (40%). (Alumnado)
Fortaleza - Alumnado - Moito alumnado sabe usar o software e as aplicacións sen axuda (60%). (Alumnado)

### 4.3.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Porcentaxe de sinaturas polo alumnado de primeiro e segundo de ESO dun compromiso de boas prácticas nas redes sociais e respecto á propiedade intelectual. (Instrumento: Documento de boas prácticas). | 0% | 75% | | | | |

### 4.3.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO2.2:Impartir ditos contidos. | 21/12/2024 | |
| **Responsables** | Profesorado de Tecnoloxía de primeiro e segundo de ESO. | |
| **Destinatario** | Alumnado de primeiro e segundo de ESO. | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO02.1PD: Priorizar estes contidos dixitais nas materias de Tecnoloxía de 1º e 2º de ESO ao 1º trimestre. | 21/12/2024 | |
| **Responsables** | Xefe de Departamento de Tecnoloxía | |
| **Destinatario** | Profesorado de Tecnoloxía de primeiro e segundo de ESO. | |

## 4.4. Datos do obxectivo O03PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O03PD | Pendente |

### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - No noso centro non  temos tempo para explorar como mellorar o meu método de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A4 profesorado)
Debilidade - Persoal docente - A maior parte do profesorado comeza usar as tecnoloxías dixitais ao mesmo tempo que o resto dos seus compañeiros. (Profesorado adopción da Tecnoloxía)
Debilidade - Persoal docente - O equipo directivo non promove o intercambio de  experiencias dentro do Centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. (D3 profesorado)
Fortaleza - Organización de centro - O equipo directivo apoia que o profesorado explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A3 equipo directivo)

### 4.4.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| % do profesorado que participou na formación que considera que as mesmas melloraron a súa competencia dixital. | 0 | 75% | | | | |

borrador

### 4.4.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO03.1PD: Impartir unha primeira sesión sobre os aspectos básicos dos paneis. | 20/12/2024 | novembro |
| **Responsables** | Responsable aula virtual | |
| **Destinatario** | Profesorado do Centro | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO03.2PD:  Impartir formación sobre os paneis cun asesor externo. | 11/04/2025 | xaneiro |
| **Responsables** | Responsable da aula virtual | |
| **Destinatario** | Profesorado do Centro | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO03.3PD: Facer un seguemento personalizado de todas as dúbidas do profesorado sobre os paneis interactivos. | 01/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Responsable da aula virtual | |
| **Destinatario** | Profesorado do Centro | |

borrador

## 4.5. Datos do obxectivo O04PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O04PD | Pendente |

### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - No noso centro non  temos tempo para explorar como mellorar o meu método de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A4 profesorado)
Debilidade - Persoal docente - A maior parte do profesorado comeza usar as tecnoloxías dixitais ao mesmo tempo que o resto dos seus compañeiros. (Profesorado adopción da Tecnoloxía)
Debilidade - Persoal docente - O equipo directivo non promove o intercambio de  experiencias dentro do Centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. (D3 profesorado)
Debilidade - Persoal docente - O equipo directivo non axuda a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. (G7 profesorado)
Fortaleza - Organización de centro - O equipo directivo apoia que o profesorado explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A3 equipo directivo)
Fortaleza - Persoal docente - O profesorado ten un nivel de competencia dixital superior á media de Galicia. (Test CDD)

### 4.5.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| % do profesorado participante na formación que considera que a mesma mellorou a súa competencia dixital. | 0 | 75% | | | | |

### 4.5.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO5.1 Impartir as horas de formación | 31/10/2024 | |
| **Responsables** | Responsable de EDIXGAL | |
| **Destinatario** | Profesorado do Centro | |

## 4.6. Datos do obxectivo O05PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O05PD | Pendente |

### 4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Intento pola Consellería de impoñer plans complexos cun exceso de carga burocrática en vez de plans sinxelos, claros e eficaces.
Oportunidade - Administración educativa - Por subvencións da Unión Europea é bo momento para a renovación e adquisición de novo material dixital.

### 4.6.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Porcentaxe do material tic inventariado do Centro | 0% | 100% | | | | |

borrador

### 4.6.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO5.1 Realizar o inventario TIC das aulas do Centro | 28/02/2025 | febreiro |
| **Responsables** | Coordinador TIC do Centro | |
| **Destinatario** | Dirección do Centro | |

| Indicador de acción | Valor inicial | Valor obxectivo | Valor acadado |
|---|---|---|---|
| % material TIC do Centro inventariable | 0 % material TIC inventariable | 70 % material TIC inventariable | |
| % material TIC inventariable | 70% | 100% | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| AO5.2 Realizar o inventario do material TIC de departamentos e diferentes despachos do Centro. | 20/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Coordinador TIC do Centro | |
| **Destinatario** | A dirección do Centro | |

| Indicador de acción | Valor inicial | Valor obxectivo | Valor acadado |
|---|---|---|---|
| % material TIC do Centro inventariable | 0 % material TIC inventariable | 70 % material TIC inventariable | |
| % material TIC inventariable | 70% | 100% | |

borrador

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

Para realizar un seguemento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos marcados o equipo TIC analizará a súa evolución nos seguintes intres:
Ao comezo do curso co fin de establecer un calendario resumido no que se marquen as datas e momentos claves ao longo do curso das accións que acadarán os obxectivos.
Na metade dos tres trimestres para poder analizar a evolución do plan co estudo da execución das accións e valoración de resultados e ter así, se fose necesario, unha marxe de modificación das accións co fin de acadar os obxectivos.
Ao remate do curso, no que se fará unha valoración final dos obxectivos alcanzados e formularase propostas de mellora para cursos vindeiros.

### 5.2. Primeiro trimestre

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

Avaliación do Plan Dixital
Seguimento do Plan de Acción
Para realizar un seguemento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos marcados o equipo TIC analizará a súa evolución nos seguintes intres: • Ao comezo do curso co fin de establecer un calendario resumido no que se marquen as datas e momentos claves ao longo do curso das accións que acadarán os obxectivos. • Na metade dos tres trimestres para poder analizar a evolución do plan co estudo da execución das accións e valoración de resultados e ter así, se fose necesario, unha marxe de modificación das accións
co fin de acadar os obxectivos.
• Ao remate do curso, no que se fará unha valoración final dos obxectivos alcanzados e formularase propostas de mellora para cursos vindeiros.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Co fin de facer chegar o plan a toda a comunidade educativa do IES Valle Inclán, poderase acceder ao plan en Educalidade ao longo de todo o curso nunha ligazón nun sitio destacado na barra lateral dereita da páxina web do Centro http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalleinclan. As familias tamén recibirán unha mensaxe a través de abalar móbil na que se lle informará da publicación do plan dixital e a forma de acceso ao mesmo.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

| Descrición | Arquivo |
|---|---|
| Análise do Selfie IES Valle Inclán | Análise do selfie IES Valle Inclán_v1.pdf |
| Informe test CDD IES Valle inclán | informe test CDD IES Valle Inclán.pdf |
| DAFO IES Valle Inclán | DAFO IES Valle Inclán Categorías.pdf |

borrador